

CRITERIOS DE ELABORACIÓN DA PROGRAMACIÓN DOCENTE ANUAL (PDA) PARA O CURSO 2023/24

(Aprobados no Consello de Goberno de 24 de xaneiro de 2023)

O marco normativo da Universidade de Vigo aplicado para o cálculo das horas de profesorado empregadas na docencia presencial das ensinanzas de grao, máster e doutoramento, asigna a cada titulación un número de horas de profesorado para distribuír en grupos docentes, de xeito que é o centro, a comisión académica do máster (CAM) e a Escola Internacional de Doutoramento (EIDO) quen planifica os detalles de cada materia de grao, máster e doutoramento, respectivamente.

Co fin de planificar a organización académica do curso 2023/24, o Consello de Goberno de 24 de xaneiro de 2021 aproba os seguintes criterios de elaboración da programación docente anual das titulacións de grao, máster e doutoramento.

1) TITULACIÓNS DE GRAO

a) Horas asignadas en grao

Materias ordinarias: formación básica, obrigatorias e optativas

O número de horas de profesorado de cada grao calcularase en función do indicador denominado *tamaño medio de grupo* (TMG) e da estimación de horas matriculadas no curso 2022/23 (EHM), de acordo coa expresión EHM/TMG. Dita estimación incluírá as horas para a impartición de docencia en inglés correspondentes á prórroga do plan de internacionalización da docencia.

A estimación de horas matriculadas resultará do número estimado de créditos ECTS matriculados¹ multiplicado polo número máximo de horas presenciais (8,75) por crédito ECTS, establecido na normativa da Universidade de Vigo. Para estimar o número de estudantes en cada materia, computarase todo o alumnado de nova matrícula máis o alumnado de segundas ou sucesivas matrículas ata un 15% dos/as estudantes de nova matrícula desa materia. Para este cálculo, tomaranse como referencia os datos do curso 2022/23. O valor do TMG será o utilizado inicialmente para a elaboración da PDA do curso 2019/20. A estimación de horas por curso non poderá ser inferior a 8.75 veces o número de ECTS de materias ordinarias de cada curso.

O cálculo de número de horas de profesorado realizarase de xeito conxunto para os títulos dun mesmo centro que compartan materias.

Materias singulares: prácticas en empresa e traballo fin de grao

O recoñecemento en POD dos labores de titorización dos Traballos Fin de Grao (TFG) está vinculado á Normativa de Dedicación e Recoñecemento Docentes do Profesorado e o de coordinación de prácticas á bolsas de horas dos centros regulada no Anexo I da presente normativa. Co fin de impartir formación xeral/global (metodoloxías e indicacións para a elaboración do TFG e para a realización das prácticas, seminarios, etc.) a todo o alumnado matriculado nestas materias, os centros que o desexen, poderán dedicar, ata un máximo do 3% das horas da PDA, a docencia presencial nestas materias. Esta docencia figurará nos correspondentes calendarios, horarios e guías docentes.

¹ O número estimado de ECTS matriculados dunha titulación e o resultado de sumar para todas as materias ordinarias desa titulación o produto do número estimado de estudantes da materia polo número de créditos ECTS da materia.

b) Elaboración da PDA

Os centros elaborarán unha proposta de PDA das titulacións de grao a partir das horas asignadas aos títulos de grao que teñen adscritos, indicando a distribución en grupos e os departamentos responsables.

No caso de adscribir unha materia a un departamento diferente ao que impartía a dita materia no curso 2022/23, debe informarse do cambio aos departamentos implicados. Por outra banda, os departamentos poderán solicitar aos centros a adscripción de materias **que non tiñan asignadas** no curso 2022/23. As solicitudes, debidamente xustificadas, deben ademais comunicarse á Vicerreitoría de Profesorado, Docencia e Titulacións.

Para a asignación de materias de formación básica os centros deberán elaborar **obrigatoriamente** unha lista priorizada de departamentos que poidan asumir o encargo. Esta asignación múltiple priorizada poderá estenderse a calquera outra materia que o permita. A COAP, á vista do conxunto de PDA dos centros, establecerá o departamento que asumirá a docencia tendo en conta as preferencias dos centros e as solicitudes dos departamentos.

Co fin de garantir a optatividade, será necesario ofertar alomenos unha optativa máis das que ten que cursar o/a estudante. Todas aquelas materias que nos últimos dous anos non tiveran matrícula superior a un estudante propio² novo deberán ser substituídas por unha nova oferta.

En aras de manter unha estabilidade na PDA, se nalgún centro a diferenza entre a PDA calculada para o curso 2023/24 segundo os criterios establecidos na presente normativa e a asignada para o curso 2022/23 é menor do 5% en valor absoluto, manterase a mesma PDA aprobada polo Consello de Goberno para o curso 2022/23.

No caso de que sexa preciso axustar a PDA por non cumprirse o requisito indicado no parágrafo anterior, o axuste modularase tendo en conta a diferenza entre o TMG real e o TMG obxectivo da titulación. Para este cálculo tomarase como TMG obxectivo 30 ou 35, en función do grado de experimentalidade da titulación definido no Plan de Financiamento do SUG.

Xunto coa elaboración da PDA, os centros recibirán unha bolsa de horas destinada ao recoñecemento de actividades de xestión e apoio que se asignarán segundo o establecido no Anexo I da presente normativa.

As propostas de PDA deberán ser aprobadas pola Xunta de Centro e serán presentadas nos prazos establecidos pola Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado. Serán analizadas pola COAP que poderá solicitar, se procede, unha revisión das mesmas.

Os grupos en inglés, xa figuran na PDA de acordo coa prórroga dos plans de internacionalización da docencia. Non poderá ofertarse docencia en inglés fóra desta prórroga agás nos casos en que a docencia en inglés se recolla na memoria de verificación do título ou naquelas materias nas que esta lingua sexa vehicular.

Excepcionalmente, a COAP poderá autorizar unha proposta de PDA dalgunha titulación no que o número global de horas véxase incrementado, ou ben prorrogar axustes acordados en cursos anteriores, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

² É dicir, sen incluír alumnos de programas de intercambio (ERASMUS, SICUE,...)

- a) A solicitude estea adecuadamente xustificada.
- b) Póidase constatar que se pode desenvolver exclusivamente co cadro existente de PDI a tempo completo.
- c) Non se supere, en ningún caso, o TMG final asignado ao conxunto de graos do centro na PDA do curso 2022/23.

Nos casos de que se autorice o incremento indicado, se por causas non contempladas no momento da aprobación do POD ou circunstancias sobrevidas, fose necesario realizar algún tipo de contratación, esta non será autorizada, polo que o centro deberá modificar total ou parcialmente a estrutura de grupos para solventar dita situación.

Se nunha titulación concorre algunha cuestión excepcional, será estudada pola COAP.

A programación docente anual das titulacións de grao será sometida á aprobación do Consello de Goberno.

2) TITULACIÓNS DE MÁSTER

a) Presencialidade das materias de máster

As horas de docencia presencial que recibe un/unha estudante en cada materia ordinaria non poderá ser superior a 8 horas por ECTS. No caso de másteres presenciais, as horas de docencia que recibe un/unha estudante en cada materia ordinaria non poderá ser inferior a 5 horas por ECTS.

b) Horas asignadas en máster con repercusión en POD

Materias ordinarias: obrigatorias e optativas

As materias ordinarias dun máster con repercusión en POD xerarán unha PDA igual á terceira parte dos ECTS matriculados na Universidade de Vigo en materias ordinarias no curso precedente (PDA máxima).

As horas que computan en POD das materias ordinarias (excluíndo ao profesorado doutras universidades no caso dos másteres interuniversitarios) non poderán superar a PDA máxima do máster. No caso de que o valor de PDA máxima sexa inferior ao número de horas necesario para poder impartir o título coa presencialidade mínima, e garantindo a optatividade, a PDA máxima recalcularase de xeito que:

- O título pódase impartir coa presencialidade mínima
- O título oferte polo menos unha materia máis das que ten que cursar un/unha estudante.

No caso dos títulos de nova implantación, ou daqueles non impartidos no curso precedente, tamén se usará o número de horas necesario para poder impartir o título coa presencialidade mínima, e garantir a optatividade, para facer a PDA.

A remuneración das/dos conferenciantes que participen no título, en horas incluídas dentro da PDA, rexerese polas normas orzamentarias.

Materias singulares: prácticas en empresa e traballo fin de máster
<p>O recoñecemento en POD dos labores de titorización dos Traballos Fin de Máster (TFM) vincúlase á Normativa de Dedicación e Recoñecemento Docentes do Profesorado e o de coordinación de prácticas á bolsas de horas dos centros regulada no Anexo I da presente normativa, polo que os créditos matriculados nesas materias non serán computables co criterio anterior.</p> <p>Non obstante, aqueles títulos de máster nos que a Memoria de Verificación recollan de forma explícita o desenvolvemento de actividades docentes para a formación xeral/global (metodoloxías e indicacións para a elaboración do TFM) de todo o alumnado matriculado no TFM, poderán dedicar a estas actividades ata un máximo do 3% das horas da PDA máxima. Esta docencia figurará nos correspondentes calendarios, horarios e guías docentes.</p>

c) Horas asignadas en máster sen repercusión en POD

Nos másteres sen repercusión en POD, será a Comisión Académica do Máster (CAM), coas limitacións establecidas no apartado 2.a) e as derivadas do seu orzamento, a que aprobe o número de grupos e materias optativas ofertadas.

Os másteres sen recoñecemento en POD poderán solicitar pasar a ter este recoñecemento. A vicerreitoría de Profesorado, Docencia e Titulacións analizará a solicitude e autorizará, se procede, o cambio.

d) Elaboración da PDA.

As CAM elaborarán unha proposta de PDA da titulación de máster indicando a distribución en grupos e asignarán as horas que correspondan ao profesorado que participe na docencia do máster. Así mesmo, a proposta incluírá o número de prazas que se pretenden ofertar para o curso 2023/24.

No caso de másteres con carga docente básica³ deberán asignar a docencia ás áreas de coñecemento as que pertence o profesorado que participe na docencia dos mesmos.

A coordinación de todas as materias corresponderá a persoal docente da Universidade de Vigo, reservando un mínimo dunha hora para a persoa designada para levar a cabo esta tarefa. No caso dos másteres interuniversitarios, este último requisito podería eliminarse, se o coordinador global da materia é un profesor en plantilla doutra Universidade. Neste caso o coordinador na Universidade de Vigo, podería ter asignadas cero horas.

A porcentaxe de horas impartidas por conferenciantes externos non poderá superar o 50%.

A oferta de materias en inglés limitarase aos casos en que esta se recolla na Memoria de Verificación do título ou naquelas materias nas que esta lingua sexa vehicular. Todo o profesorado que imparte docencia nestas materias debe contar coa acreditación requirida.

Xunto coa elaboración da PDA os títulos recibirán unha bolsa de horas destinada ao recoñecemento de actividades de xestión e apoio que deberá distribuírse de acordo co establecido no Anexo I da presente normativa.

³ Segundo a definición de carga docente básica definida nas normas para a contratación de profesorado axudante doutor.

As propostas de encargo docente (PDA) deberán ser aprobadas pola CAM e a Xunta de Centro e serán presentadas nos prazos establecidos pola Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado. Serán analizadas pola COAP que poderá solicitar, se procede, unha revisión das mesmas.

A programación docente anual das titulacións de máster será sometida á aprobación do Consello de Goberno.

3) TITULACIÓN DE DOUTORAMENTO

O artigo 4.1 do RD 99/2011 do 28 de xaneiro (BOE 10/02/2011) polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento establece o seguinte:

“...Los programas de doctorado incluirán aspectos organizados de formación investigadora que no requerirán su estructuración en créditos ECTS y comprenderán tanto formación transversal como específica del ámbito de cada programa, si bien en todo caso la actividad esencial del doctorando será la investigadora...”

Como parte desta formación investigadora, os programas de doutoramento poden ter programada a celebración de cursos e seminarios que requiren dunha axeitada organización docente que garanta os procesos de recoñecemento das actividades tanto para o alumnado como para o profesorado responsable.

Para tal fin, establécese a programación docente anual (PDA) destas actividades. A presente normativa regulará os aspectos básicos e será a Escola Internacional de Doutoramento (EIDO) a entidade responsable da organización desta PDA.

a) Horas globais asignadas

Aínda que a formación doutoral non ten que estar estruturada en créditos ECTS, establécese un criterio similar ao das ensinanzas de máster, en canto a valorar o esforzo en horas presenciais do profesorado de xeito proporcional aos créditos matriculados. Para o curso 2023/24 considerarase un máximo de 15 ECTS por estudante dedicados a cursos e seminarios ao longo dos estudos de doutoramento. Considerando que estes cursos inciden especialmente no primeiro curso, podería entenderse que os créditos matriculados equivalentes nestas actividades son 15N, sendo N a matrícula de novo alumnado en doutoramento. Tomando como referencia o cálculo relativo aos estudos de máster, nos que as horas impartidas se cuantifican como a terceira parte dos ECTS matriculados, pode determinarse que as horas de PDA recoñecidas para os estudos de doutoramento serían 5 horas por cada estudante de doutoramento de nova matrícula.

Adicionalmente poderán autorizarse horas asociadas a cursos de doutoramento vinculados a convocatorias internacionais, sempre que así o establezan as bases das convocatorias ou os convenios asinados.

b) Requisitos dos cursos e seminarios para ser incorporados en PDA

Consideraranse as seguintes condicións para que un curso ou seminario organizado poda formar parte da PDA oficial:

- Debe corresponder con algunha actividade formativa (en calquera dos cursos) prevista na memoria verificada do programa de doutoramento, ben obrigatoria ben optativa, e que implique actividade presencial do profesorado cun grupo de estudantes.
- En xeral, debe ofertar un número de prazas para o alumnado que supere as previsións de estudantes propios do/s programa/s para o/s que se organiza, coa finalidade de poder abrir a actividade a estudantes doutros programas. As excepcións ou restricións a esta regra deben ser debidamente xustificadas na proposta da actividade.

- Debe programarse e xestionarse dentro da plataforma informática que a EIDO designe e habilite para a organizar a inscrición de estudantes.

c) Proposta e organización da PDA de doutoramento

A proposta de PDA de doutoramento será centralizada pola EIDO, que recibirá, priorizará e organizará as propostas que reciba das Comisións Académicas dos Programas de Doutoramento (CAPD) regulados polo RD99/2011. O calendario e procedemento será establecido pola EIDO, e deberá ter en conta os seguintes criterios:

- Selección de cursos para a proposta global de PDA. As propostas das CAPD conterán toda a información necesaria respecto de contidos, horas lectivas, idioma, calendarios e profesorado proposto. Tendo en conta a limitación que establece esta normativa, en caso de ser necesario, priorizaranse os cursos configurados como actividades formativas obrigatorias sobre aqueles de carácter optativo. Terán tamén preferencia os cursos organizados conxuntamente por varios programas así como as actividades en inglés.
- Profesorado. O profesorado responsable destes cursos terá sempre categoría de doutor/a. O profesorado da Universidade de Vigo poderá computar as horas en POD. No caso de conferenciantes externos, estes poderán percibir remuneración económica dentro das limitacións legais con cargo ao orzamento asignado ao programa. En caso de programas interuniversitarios, o profesorado das universidades participantes considerárase como propio a estes efectos, polo que non poderá percibir remuneración pola docencia.
- Inscrición de estudantes. Na inscrición de estudantes, terán preferencia as/os estudantes dos programas que organicen o curso, en segundo termo as/os estudantes de doutoramento do mesmo ámbito, en terceiro termo o resto de estudantes de doutoramento da Universidade de Vigo, e finalmente outros/as estudantes. Para os/as estudantes de doutoramento da Universidade de Vigo, estes cursos non implicarán ningún pagamento adicional ao da súa matrícula de doutoramento. Cando se trate de programas de doutoramento interuniversitarios, o alumnado matriculado no programa correspondente nas outras universidades participantes non terá que facer pago adicional ao da súa matrícula.
- Programación dos cursos. A programación de calendarios, horarios, lugar de celebración, etc. deberá realizarse coa antelación debida dentro dos prazos que se establezan, e deberá publicarse dentro da plataforma de xestión que se designe pola EIDO. A EIDO dará a publicidade oportuna a través da súa web e das listas de correo específicas.

Xunto coa elaboración da PDA, os títulos de doutoramento recibirán unha bolsa de horas destinada ao recoñecemento de actividades de xestión que deberá distribuírse de acordo co establecido no Anexo I da presente normativa.

ANEXO I: O RECOÑECEMENTO DE ACTIVIDADES DE XESTIÓN E APOIO NOS CENTROS/CAMPUS

As actividades relacionadas con aspectos académicos que levan a cabo os centros e campus de especialización da universidade, precisan da realización dun conxunto de tarefas de xestión e apoio por parte do PDI que é preciso recoñecer.

Para facer efectivo este recoñecemento, asignarase a cada Centro, Comisión Académica de Máster (CAM), Comisión Académica de Programa de Doutoramento (CAPD) e Campus de Especialización unha bolsa de horas calculada e xestionada en base aos seguintes criterios:

- 1) Dada a variedade e casuística existentes, a medición da dedicación a este tipo de tarefas resulta moi complexa e o seu recoñecemento está suxeito ás restricións orzamentarias relativa aos gastos en persoal da Universidade. Co fin de poder recoñecer estas dedicacións sen incorporar desequilibrios orzamentarios, incorpórase un sistema de recoñecementos baseados en puntos.
- 2) O Consello de Goberno aprobará o número de horas dispoñibles para o recoñecemento das actividades contempladas. Estas horas distribuiranse entre o total de puntos acadados polos centros, CAM, CAPD e campus de especialización para obter o valor do punto en horas.
- 3) As CAM aprobarán a distribución entre o PDI da bolsa de puntos asignada. Unha vez aprobada, será comunicada ao seu centro de adscrición.
- 4) As Xuntas de Centro aprobarán a distribución entre o PDI da bolsa de puntos asignada.
- 5) Os centros comunicarán a distribución final de puntos de todos os seus títulos á vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado.
- 6) As CAPD aprobarán a distribución entre o PDI da bolsa de puntos que se lles asigne. Unha vez aprobada será comunicada á Escola Internacional de Doutoramento.
- 7) Os responsables dos Campus de Especialización elaborarán unha proposta de distribución entre o PDI da bolsa de puntos que se lles asigne, que comunicarán á vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado.
- 8) A Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) analizará as diferentes propostas de distribución, resolverá os conflitos ou dúbidas ao respecto, e poderá solicitar, se procede, unha revisión das mesmas.
- 9) Os recoñecementos recollidos neste anexo só poderán aplicarse ao profesorado con vinculación permanente, axudante doutor e axudante. Excepcionalmente, por petición razoada dos centros, a Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado poderá asignar algún destes recoñecementos a persoas que impartan docencia noutras figuras, sempre que así o aprobe a COAP.
- 10) Cada título debe ser coordinado por unha soa persoa e ningunha persoa poderá coordinar máis de un, a excepción da posibilidade de coordinar un título de máster e un título de doutoramento cando estean directamente relacionados.

A distribución de puntos a asignará a cada Centro, CAM, CAPD e Campus de Especialización realizarase en base aos seguintes criterios:

A. CENTROS

Os puntos asignados de forma directa aos centros a xeito de bolsa de horas contemplará as seguintes actividades de xestión e apoio relacionadas con aspectos académicos das titulacións que teña adscritas:

A.1. Para as titulacións de grao:

A.1.1. Coordinación e organización docente: Inclúe a coordinación de cursos, módulos, materias comúns a varios graos, colaboración co centro na asignación e distribución de tarefas para elaborar o TFG, ou calquera outra tarefa que se considere adecuada. Unha parte dos puntos deste apartado destinaranse, necesariamente á coordinación dos títulos de grao, debendo asignarse a cada coordinador un recoñecemento que se corresponda, a lo menos, co 12.5% da súa dedicación docente e da súa horas semanais de titoría.

100 puntos por título e grao⁴ + 50 puntos por coordinación de grao interuniversitario asumida pola UVigo + 5 p. por estudante de novo acceso ao título de grao

A.1.2. Intercambio de estudantes: a Vicerreitoría competente certificará o número de estudantes, alleos/as e propios/as, que se acolleron aos programas de intercambio (SICUE, Erasmus, ISEP e outros programas recoñecidos pola ORI) no curso anterior á elaboración do POD.

2 puntos por estudante de grao de intercambio

A.1.3. Prácticas do alumnado: A Vicerreitoría competente certificará tanto o número de estudantes que se acolleron aos programas de prácticas extracurriculares oficiais no curso 2021/22, como a matrícula nas prácticas curriculares no curso 2022/23 (número de estudantes e créditos ECTS das prácticas).

1 punto/6ECTS por estudante en prácticas (extracur. a metade)

A.2. Para todas as titulacións (grao, máster e doutoramento):

A.2.1. Xestión da calidade dos centros: apoio ás tarefas ligadas á xestión da calidade nos centros.

50 p. por centro+1 p. por estudante de novo acceso aos títulos de grao, máster e doutoramento do centro. Ademais asignaranse 50 p. adicionais aos centros que teñan acadado o selo de calidade Q da Universidade de Vigo.

A.2.2. Captación de alumnado: apoio a tarefas de captación de alumnado nos centros.

- 50 p. por centro para cada coordinador de captación. A EIDO considerase como un centro a efectos do cómputo deste apartado.
- 1500 puntos repartidos proporcionalmente ao número de actividades de captación institucionais nas que participaron os centros no curso anterior e foron certificadas pola Vicerreitoría competente.
- 500 puntos repartidos entre os centros nos que a media da taxa de ocupación dos tres últimos cursos académicos estea por debaixo do 90%.

Nos títulos non implantados completamente, a bolsa será proporcional ao número de cursos que se impartan.

⁴ Na E.U. de Estudos Empresariais de Vigo, o Programa de Maiores terá a consideración dunha titulación adicional.

B. COMISIÓNS ACADÉMICAS DE MÁSTER

Os puntos asignados ás CAM contemplarán as seguintes actividades de xestión e apoio relacionadas con aspectos académicos da titulación de máster correspondente:

B.1. Para cada titulación de máster con repercusión en POD:

B.1.1. Coordinación e organización docente: Inclúe a coordinación de cursos, módulos, materias comúns a varios másteres, colaboración co centro na asignación e distribución de tarefas para elaborar o TFM, ou calquera outra tarefa que se considere adecuada. Unha parte dos puntos deste apartado destinarse, necesariamente á coordinación do título de máster, debendo asignarselle un recoñecemento que se corresponda, a lo menos, co 12.5% da súa dedicación docente e da súa horas semanais de titoría.

100 puntos + 50 puntos por coordinación de máster interuniversitario asumida pola UVigo + 5 p. por estudante de novo acceso ao título de máster

B.1.2. Intercambio de estudantes: a Vicerreitoría competente certificará o número de estudantes, alleos/as e propios/as, que se acolleron aos programas de intercambio (SICUE, Erasmus, ISEP e outros programas recoñecidos pola ORI) no curso anterior á elaboración do POD.

2 puntos por estudante de máster de intercambio

B.1.3. Prácticas do alumnado: a Vicerreitoría competente certificará tanto o número de estudantes que se acolleron aos programas de prácticas extracurriculares oficiais no curso 2021/22, como a matrícula nas prácticas curriculares no curso 2022/23, así como os créditos ECTS das prácticas.

1 punto/6ECTS por estudante en prácticas (extracur. a metade)

Nos títulos non implantados completamente, a bolsa será proporcional ao número de cursos que se impartan.

C. COMISIÓNS ACADÉMICAS DE PROGRAMA DE DOUTORAMENTO

Os puntos asignados ás CAPD contemplarán as seguintes actividades de xestión e apoio relacionadas con aspectos académicos do programa de doutoramento correspondente:

C.1. Para cada programa de doutoramento:

C.1.1. Coordinación e organización docente: Inclúe a coordinación de cursos, actividades docentes, colaboración co EIDO, ou calquera outra tarefa que se considere adecuada. Unha parte dos puntos deste apartado destinarse, necesariamente á coordinación do título de doutoramento.

100 puntos + 5 p. por estudante de novo acceso ao título de máster

D. CAMPUS DE ESPECIALIZACIÓN

Os puntos asignados aos campus de especialización a xeito de bolsa de horas contemplará actividades de xestión e apoio relacionadas con aspectos académicos das súas actividades.

500 puntos por Campus de Especialización
--